

A agrupación socialista de Chantada dona alimentos por valor de 2.000 euros ás familias máis necesitadas do Concello

As cestas, que están formadas por produtos non perecedeiros, serán entregadas esta tarde na sede do PSOE, r/ Luis Soto Lemos, nº 2

Raquel López destaca que “nós non escollemos ós beneficiarios, senón que son as persoas que están rexistradas no servizo de asistencia social do Concello”

En total, son 23 familias as que se beneficiarán desta iniciativa solidaria, e os fondos destinados polos socialistas proceden do cobro dos reintegros da lotería do ano pasado

A agrupación socialista de Chantada donará ás familias máis necesitadas do municipio distintas cestas de comida, con produtos non perecedeiros, para que todos os veciños poidan celebrar as festas do Nadal. Concretamente, a voceira do PSOE neste Concello, Raquel López, explica que os paquetes terán un valor de 2.000 euros e serán entregados esta tarde ós beneficiarios, na sede que o Partido ten nesta localidade (r/ Luis Soto Lemos, nº 2).

Neste senso, subliña que “o que queremos que todo o mundo saiba é que nós non escollemos ás familias, senón que os beneficiarios son os que nos facilitou o servizo de asistencia social do Concello”. Deste xeito, engade a representante do PSOE en Chantada, “o único que pretendemos con esta iniciativa é que todos os veciños teñan as mesmas oportunidades. Son datas moi sinaladas, polo que quixemos aportar o noso grao de area deste xeito”.

Os fondos proceden da lotería de 2012

En total, son 23 familias as que se beneficiarán desta iniciativa solidaria. Os fondos destinados polos socialistas proceden do cobro dos reintegros da lotería do ano pasado. “Cremos que é obriga de todos os partidos políticos estar cando se nos necesita. E nestas datas, hai máis dunha vintena de persoas que están pasando apuros. Por iso, quixemos axudalos”, concluíu a socialista.

23 de decembro de 2013

**Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**